

Actividades para conmemorar o día da paz- Equipo de biblioteca CEIP Mestre Valverde Mayo

- Educación Infantil: visualizar na clase o vídeo da canción " Cantarela dos nenos" de Neira Vilas
- Educación Primaria: visualizar na clase o vídeo da canción "Irmaus" de Celso Emilio. Actividade que pechará o noso PDI sobre Celso Emilio
- Aprender a letra e cantar. Colorear a palabra PAZ
- Facer debuxos alusivos ó poema.

Traballo na biblioteca:

- Na entrada da biblioteca os nenos poderán colgar as súas mensaxes de paz. Na mesa da bibliotecaria tendes as tarxetas para escribir nelas.

Día 30 de Xaneiro. Celebración día da paz

1º. Recreo: Programa de radio de 4º.
Cantar a canción na radio, coa música de fondo.

2º. Despois do recreo:

Actividades no patio:

- A. 12.30 hrs: saímos ó patio , incluíndo Educación infantil.
- B. Os nenos seleccionados van a radio e len as súas " Mensaxes de Paz" .
- C. Ó resto de alumnos , na parte dianteira do patio facemos unha roda concéntrica . Dentro Infantil e fóra Primaria.
- D. Emitimos as cancións pola radio . Cantan os nenos de de Infantil e despois os de Primaria.

Actividades na biblioteca:

Ó rematar a actividade no patio voltamos ás aulas.
Os alumnos de 5º representarán en guiñol o conto " A pomba Mari Paz". Faremos un vídeo e subiremosmos á biblioteca a ver a proxección : primeiro para Educación Infantil e despois para Primaria.

DÍA DA PAZ - *Equipo de biblioteca e Dinamización da lingua galega*

- PRIMARIA: Aprendemos o poema de Celso Emilio: Irmaus. Canción de Fuxan os ventos

Versión karaoke <https://www.youtube.com/watch?v=EoYzeWJ5a4Y>

Irmaus

Camiñan ao meu rente moitos homes.
Non os coñezo. Sonme estranos.
Pero tí, que te alcontras alá lonxe,
máis alá dos desertos e dos lagos,
máis alá das sabanas e das illas,
coma un irmáu che falo. BIS

Si é túa a miña noite,
si choran os meus ollos o teu pranto,
si os nosos sonhos son igoales,
coma un irmáu che falo. BIS

Anque as nosas palabras sexan distintas,
e ti negro i eu branco,
si temos semellantes as feridas,
coma un irmáu che falo.


RETROUSO

Por enriba de tódalas fronteiras,
por enriba de muros e valados,
si os nosos berros son igoales,
coma un irmáu che falo. BIS

RETROUSO

Común temos a patria,
común a loita, ambos.
A miña mau che dou,
e mau de irmau,
coma un irmáu che falo BIS

RETROUSO



DÍA DA PAZ 30 Xaneiro 2013

- EDUCACIÓN INFANTIL.

CANTARELA DOS NENOS- Neira Vilas

Amiguiños todos
amiguiños xa
os nenos de aquí
e os nenos de alá.

RETROUSO

Os nenos do mundo
todos a cantar
a unha mesma voz
collidos da man.


RETROUSO

Cantarela nosa
de amor e de paz,
sen penchas nin odios,
sen falsa irmandá.

RETROUSO




Rolda de sorrisos,
dende mar a mar,
córasons abertos,
ollos de amigar

RETROUSO



YOUTUBE: <https://www.youtube.com/watch?v=VUhVwcLDSDU>

LECTURAS DE PAZ 2013



EQUIPO DE BIBLIOTECA ESCOLAR
C.E.I.P MESTRE VALVERDE MAYO